

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE TUI (PONTEVEDRA) PARA A CREACIÓN DUN CENTRO DE REXENERACIÓN URBANA DE INTERESE AUTONÓMICO.**

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

**REUNIDOS**

Dunha parte, María Martínez Allegue, conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, en virtude da atribucións que lle confire o Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia (DOG 14.04.2024), na súa calidade de presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adelante, IGVS), segundo o artigo 4 do Decreto 143/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do do IGVS (DOG nº 101, do 27 de maio).

Doutra parte, Enrique Cabaleiro Gonzalez, alcalde do concello de Tui (Pontevedra), en virtude de acordo plenario extraordinario celebrado o día 17 de xuño de 2023, previa elección realizada na forma prevista na Lei orgánica 5/85, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.

**EXPOÑEN**

**Primeiro.-** Que o IGVS, de acordo co establecido no artigo 1 do Decreto 143/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o organismo autónomo ao que lle corresponde a realización das políticas de vivenda e solo da Xunta de Galicia, coa finalidade de acadar os obxectivos previstos na Lei 3/1988, do 27 de abril, de creación do IGVS, e no marco dos principios reitores contidos no artigo 47 da Constitución española.



**Segundo.-** Que, de conformidade co establecido, tanto na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, como na Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, os concellos, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderán promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.

**Terceiro.-** Que a Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, tal e como se establece a súa exposición de motivos, crea a figura das áreas de rexeneración urbana de interese autonómico (en adiante, Rexurbe), que son aqueles ámbitos especialmente degradados cuxa delimitación coincida, total ou parcialmente, cun conxunto histórico declarado ben de interese cultural (BIC).

As citadas áreas serán declaradas polo Consello da Xunta de Galicia, a proposta da consellaría competente en materia de vivenda e logo dos informes oportunos, de tal xeito que se poidan realizar actuacións de rehabilitación ao mesmo tempo que se articulan medidas sociais, urbanísticas, ambientais e económicas, enmarcadas nunha estratexia administrativa global e unitaria.

Por resolución do 27 de setembro de 2021 do director xeral do IGVS, fíxose público o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 9 de setembro de 2021 polo que se declara a área de rexeneración urbana de interese autonómico no concello de Tui.

**Cuarto.-** Que estes ámbitos deben dispoñer dun plan de dinamización como un instrumento estratéxico que marcará as actuacións que se deben realizar, tanto en materia de rehabilitación das vivendas e de protección do patrimonio cultural, coma de todas aquelas medidas que contribúan a unha revitalización integral do ámbito. O devandito plan será aprobado polo Consello da Xunta de Galicia e deberá incluír medidas de impulso das diferentes administracións participantes.



O Plan de dinamización de área Rexurbe de Tui foi aprobado polo Consello da Xunta, na súa sesión do 25 de xaneiro de 2024, e fíxose público este acordo por resolución do director xeral do IGVS do 16 de febreiro de 2024.

**Quinto.-** Que a Lei 1/2019, do 22 de abril, crea, vinculados ás áreas Rexurbe, os centros de rexeneración urbana de interese autonómico (en adiante, centro Rexurbe). O artigo 70.1 os define como os puntos de información, asesoramento, xestión, seguimento e difusión da área Rexurbe, co obxectivo de impulsar as actuacións de recuperación, rexeneración e dinamización da área.

O artigo 72.1 dispón que lle corresponde aos concellos crear os centros Rexurbe, se ben, mediante convenio entre o respectivo concello e o IGVS precisaranse os obxectivos, o financiamento e o funcionamento de cada centro, así como os mecanismos de actuación conxunta e coordinada para facilitar o cumprimento e a execución das diferentes actuacións, dos plans e dos programas en materia de rehabilitación edificatoria e de rexeneración e renovación urbanas.

Estes centros requiren uns medios materiais e persoais e máis unha solvencia técnica que lles permita asumir competencias da Administración local e autonómica na planificación e na execución das actuacións de rexeneración, tanto desde o punto de vista de vivenda e patrimonio cultural, coma social e económico.

De acordo co establecido no artigo 70.2 do citado texto legal, o Consello da Xunta de Galicia, na súa sesión do 20 de novembro de 2020 acordou a determinación dos estándares mínimos dos medios materiais e humanos, así como os criterios, e requisitos e solvencia técnica que deben cumprir os centros de rexeneración urbana de interese autonómico.

Segundo o citado acordo, a Tui correspóndelle un centro rexurbe tipo 2, que debe contar cando menos cos seguintes medios humanos:



Núm. de efectivos	Titulación	Dedicación
1	Grao en Arquitectura	A tempo completo
1	Grao en Dereito	A tempo parcial
1	Grao en Traballo Social	A tempo parcial
1	Persoal Administrativo	A tempo parcial

Este acordo establece que no convenio que se asine entre o IGVS e o concello, en función das características propias da área Rexurbe, poderá modificarse a titulación solicitada para algún dos efectivos e o seu grao de dedicación, total o parcial, sen que se superen, para os efectos do financiamento polo IGVS, o número de efectivos previstos para cada tipo de centro nin as referencias máximas retributivas por subgrupo equivalente.

Conforme o artigo 73 da Lei 1/2019, do 22 de abril, o IGVS financiará os centros Rexurbe ata o sesenta por cento dos gastos de persoal dos devanditos centros.

O acordo do Consello da Xunta de Galicia do 20 de novembro de 2020 establece, na súa cláusula cuarta, que para os efectos do calculo dos gastos de persoal tomarase como referencia máxima as retribucións do persoal A1 (nivel 22); A2 (nivel 20), e C1 (nivel 16), da Xunta de Galicia segundo as seguintes equivalencias:

Titulación	Subgrupo
Grao en Arquitectura	A1
Grao en Arquitectura Técnica	A2
Grao en Dereito	A1



Grao en Traballo Social	A2
Persoal administrativo	C1

Incluirase, dentro dos gastos de persoal financiados polo IGVS, o correspondente a seguros sociais ou prestacións análogas de acordo coa forma de contratación.

Así mesmo, achegarase unha cantidade igual, como máximo, do dez por cento da cantidade antes indicada, en concepto de financiamento de gastos correntes.

Por todo o exposto e coa vontade de coordinar as actuacións nos obxectivos previstos para a posta en funcionamento do centro Rexurbe do Concello de Tui, en cumprimento do disposto nos artigos 70 e seguintes da Lei 1/2019, do 22 de abril, as partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración, o cal se rexerá polas seguintes

## CLÁUSULAS

### **Primeira.- Obxecto do convenio**

O presente convenio, en cumprimento do establecido no artigo 72 .1 da Lei 1/2019, do 22 de abril, ten por obxecto precisar os obxectivos, o financiamento e o funcionamento do centro Rexurbe de Tui, así como os mecanismos de actuación conxunta e coordinada para facilitar o cumprimento e a execución das diferentes actuacións, dos plans e dos programas en materia de rehabilitación edificatoria e de rexeneración e renovación urbanas.

### **Segunda.- Obrigas do concello de Tui.**

En virtude deste convenio, o concello de Tui asume as seguintes obrigas:



1. Crear o centro Rexurbe e dotalo dos efectivos necesarios e suficientes para atender ás súas finalidades, de conformidade co previsto na Lei 1/2019, do 22 de abril, e no Acordo do Consello da Xunta de data 9 de setembro de 2021.

Para estes efectos, a dotación dos medios humanos será, en todo caso, a prevista no Acordo do Consello da Xunta do 20 de novembro de 2020 para os denominados "Centro Rexurbe tipo 2".

Segundo o establecido no citado acordo, o concello modifica a titulación dos efectivos do centro, substituíndo o de grao en Traballo Social por un axente de emprego e desenvolvemento local (AEDL) con grao ou licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais ou en Dereito.

1.1.- En relación aos medios humanos do centro Rexurbe, o concello asumirá as seguintes obrigas:

1.1.1.- Asumir todas as responsabilidades en relación ao persoal adscrito ao centro Rexurbe, de tal modo que non existirá vínculo contractual algún entre o citado persoal e o IGVS, con independencia de que dito organismo lle facilite as directrices oportunas para a realización das funcións previstas no presente convenio.

1.1.2.- Coidar da observancia das esixencias legais no referido ao réxime de incompatibilidades do persoal adscrito a dito centro, así como exercer, en relación con el, o poder disciplinario e de dirección.

1.1.3.- Comunicar ao IGVS, durante a vixencia do convenio, toda variación que se produza respecto a este persoal, así como, no seu caso, os criterios para a selección de novo persoal, para os efectos de obter a conformidade do citado organismo.

1.1.4.- Achegar ao IGVS, no prazo máximo de dous meses, a contar dende a data de sinatura deste convenio, unha proposta do persoal que, de ser o caso e de conformidade co previsto na disposición transitoria terceira da Lei 1/2019, do 22 de



abril, se integre no devandito centro, acompañada da acreditación da súa solvencia; a titulación dos efectivos que compoñen o centro e o seu grao de dedicación, total ou parcial, sen que se superen, para os efectos do financiamento polo IGVS, o número de efectivos previstos para o centro tipo 2 nin as referencias máximas retributivas por subgrupo equivalente, conforme ao que se indica no devandito acordo do Consello da Xunta, en función das características propias da área Rexurbe de Tui.

1.2.- En relación aos medios materiais do centro Rexurbe, o concello asume a obriga dispoñer dunha oficina accesible ao público, con entrada independente, na que deberá constar de forma clara a denominación "Centro Rexurbe", xunto coa imaxe corporativa da Xunta de Galicia, no mesmo tamaño que a do concello. O enderezo, superficie e medios materiais da oficina, así coma a xustificación da idoneidade da súa localización, en relación co ámbito xeográfico que atenda, deberá serlle comunicada ao IGVS polo concello no prazo de tres meses, a contar dende a data de sinatura deste convenio.

A devandita oficina deberá contar, cando menos, dun espazo independente no que se garanta a privacidade das persoas usuarias do centro, sobre todo nas cuestións de índole social. Así mesmo, ademais dos recursos materiais ordinarios presentes nunha oficina administrativa, deberá ter acceso a internet e programas informáticos con, ao menos, os seguintes requisitos:

- Rexistro interoperable con outros rexistros.
- Perfís de usuario diferentes internos e externos.
- Xestor de expedientes.
- Compatibilidade coa Plataforma Informática de Rehabilitación que lle facilite o IGVS.



2.- Indicar en todos os carteis exteriores e interiores do centro Rexurbe, así coma en canta información pública se edite por calquera medio, incluídos os medios electrónicos da área e do centro Rexurbe, a participación de Xunta de Galicia na área Rexurbe.

3.- Incluír a imaxe corporativa da Xunta de Galicia en toda a promoción, a publicidade e a información das actuacións da área e do centro Rexurbe, así como na documentación facilitada aos cidadáns vinculada a ditas actuacións e nos carteis exteriores descritivos das obras que se xestionen polo devandito centro e contén con financiamento autonómico.

4.- Atribuír ao centro Rexurbe aquelas funcións que, sendo de competencia municipal, se considere necesario que sexan asumidas polo centro Rexurbe, en prol de simplificar e axilizar a tramitación administrativa e mellorar a atención á cidadanía. En todo caso, o centro deberá asumir as funcións previstas no artigo 75 da Lei 1/2019, do 22 de abril.

### **Terceira.- Obrigas do IGVS**

En virtude deste convenio, o IGVS asume as seguintes obrigas:

1. Financiar, dentro dos límites previstos na cláusula cuarta do acordo do Consello da Xunta do 20 de novembro de 2020, ata o sesenta por cento dos gastos de persoal do centro Rexurbe.

2.- Custear, dentro dos límites previstos na cláusula cuarta, os gastos correntes, ata un máximo do dez por cento da cantidade que financie como gastos de persoal.

### **Cuarta. Contido económico**

O IGVS financiará, ata un importe anual máximo do sesenta por cento, os gastos certificados de mantemento do centro Rexurbe, co límite máximo de 69.491,10



euros, por custos de persoal e 6.949,11 euros, por custos de gastos correntes, impostos incluídos.

De acordo con esta distribución, o importe máximo que se financiará durante a vixencia deste convenio, con cargo á aplicación 11.81.451A.640.0 (proxecto 2017 00007) prevista nos seus orzamentos para o ano 2025, é de 152.880,42 euros, distribuídos nas seguintes anualidades:

ANUALIDADES	IMPORTE
2025	76.440,21 euros
2026	76.440,21 euros

A tramitación anticipada dos expedientes de gastos no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos, con cargo aos cales se vaian imputar os correspondentes gastos, realízase ao abeiro da Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998. Con este fin, no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2025 habilítanse créditos para o financiamento deste convenio.

De conformidade coa citada orde, o presente convenio queda sometido á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do contrato.

O pagamento efectivo dos gastos realizarase contra presentación da xustificación dos gastos efectivamente realizados, a través da seguinte documentación:

- Unha Memoria explicativa das actuacións realizadas.



- Unha certificación expedida polo concello na que se acredite a realización das actuacións obxecto do presente convenio, o cumprimento da súa finalidade e que fondos foron destinados para este fin, así como o detalle da realización dos gastos e dos pagamentos.

A xustificación de cada anualidade deberá presentarse antes do 20 de decembro e realizarse preferiblemente por trimestres, se ben nos períodos que comprenden o último trimestre da anualidade poderán xustificarse por mensualidades separadas.

O importe da achega en ningún caso poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras, supere o custo do centro Rexurbe.

#### **Quinta.- Comisión Técnica de Seguimento**

As entidades asinantes obríganse a crear unha comisión paritaria de seguimento, de conformidade co disposto no artigo 76 da Lei 1/2019, do 22 de abril, co obxectivo de elaborar os plans e os programas de actuación da área Rexurbe, coordinar os criterios das funcións doutras administracións atribuídas ao centro Rexurbe e realizar o seguimento e a coordinación dos plans de financiamento para o impulso da rehabilitación, a rexeneración e a renovación das áreas afectadas.

Ás xuntanzas da comisións poderán asistir as persoas que, sen prestaren servizos en ningunha das administracións asinantes, poidan ser propostas por estas en virtude dos seus coñecementos técnicos ou da súa experiencia profesional. Así mesmo, poderán asistir persoas representantes dos colexios profesionais, das asociacións ou das institucións cuxa participación se considere oportuna.

A comisión técnica de seguimento, en virtude do artigo 77 da citada lei, exercerá as seguintes funcións:

a) Velar polo funcionamento do centro Rexurbe de acordo con criterios de eficacia e eficiencia que impulsen a consecución dos fins da área Rexurbe do concello.



b) Propoñer á autoridade competente do concello o nomeamento e a solicitude de cesamento da persoa responsable do centro Rexurbe, así como realizar o seguimento e a avaliación da súa actividade.

c) Propoñer a aceptación das funcións encomendadas ao centro Rexurbe por parte das diferentes administracións públicas.

d) Aprobar os plans e os programas de actuación e mais o investimento previsto anualmente en aplicación do plan de dinamización.

e) Propoñer ás administracións implicadas as modificacións no plan de dinamización que se considere oportuno realizar para a mellor obtención da finalidade perseguida, coa aprobación, de ser o caso, das modificacións non substanciais na forma e cos límites que se prevexan no indicado plan.

f) O seguimento, a valoración e o control da actividade do centro Rexurbe e do cumprimento dos compromisos adoptados, realizando, cando menos, as seguintes actuacións:

1ª. O seguimento da evolución dos indicadores fixados no plan de dinamización.

2ª. A memoria e auditoría anual para comprobar total ou parcialmente o grao de cumprimento dos compromisos, o seguimento dos indicadores e a xestión das accións definidas ao longo do ano polas persoas responsables.

### **Sexta- Vixencia do convenio**

O convenio estará vixente dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

### **Sétima.- Causas de resolución**

Son causas de resolución do presente convenio:



1.- O mutuo acordo das entidades asinantes.

2.- O incumprimento total ou parcial das obrigas asumidas polas partes neste convenio.

A resolución do convenio non implicará a indemnización de danos ou perdas a favor de ningunha das partes.

### **Oitava.- Réxime Xurídico**

O presente acordo ten carácter administrativo, rexéndose para os seus efectos polas súas cláusulas, e non lle será de aplicación a lexislación de contratos do sector público, conforme ao disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, sen prexuízo da aplicación supletoria dos principios da lei para resolver as dúbidas ou lagoas que se puideran presentar.

### **Novena.- Protección de datos persoais.**

De conformidade co establecido no artigo 14 e seguintes da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e no artigo 29 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes do Convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no presente convenio e demais especificacións contidas no mesmo poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

As partes comprométese a tratar os datos persoais que foran postos no seu coñecemento unicamente coa finalidade e alcance de executar o establecido no presente Convenio, respectando os requisitos establecidos no Regulamento (UE) 2016/679 do parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de



decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa concordante na materia.

**Décima.- Divulgación da existencia deste convenio.**

As partes poderán participar na promoción, divulgación e difusión das actividades e dos resultados obtidos coma consecuencia da execución deste convenio mediante a correspondente publicación nas súas páxinas web e demais medios de comunicación.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, as partes asinan electronicamente este documento

*A presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, María Martínez Allegue  
O alcalde do Concello de Tui, Enrique Cabaleiro González*

